



https://www.printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro

Esclerodermia

Versión de 2016

1. QUE É A ESCLERODERMIA?

1.1 En que consiste?

O nome esclerodermia deriva do grego e pode traducirse como «pel dura». A pel vólvese brillante e dura. Existen dous tipos diferentes de esclerodermia: a esclerodermia localizada e a esclerose sistémica. Na esclerodermia localizada, a enfermidade atópase limitada á pel e aos tecidos subxacentes. Pode afectar os ollos e causar uveíte e tamén pode afectar as articulacións e ocasionar artrite. Pode presentarse en parches (morfea) ou en forma dunha banda estreita (esclerodermia lineal).

Na esclerose sistémica, o proceso atópase diseminado e afecta non soamente á pel senón tamén a algúns dos órganos internos do corpo.

1.2 É moi frecuente?

A esclerodermia é unha enfermidade rara. A frecuencia estimada nunca supera os 3 casos novos por cada 100.000 persoas ao ano. A esclerodermia localizada é a forma máis frecuente en nenos e afecta principalmente as nenas. Soamente un 10 % ou menos dos nenos con esclerodermia atópanse afectados pola esclerose sistémica.

1.3 Cales son as causas da enfermidade?

A esclerodermia é unha enfermidade inflamatoria pero aínda non se descubriu o motivo da inflamación. Probablemente se trate dunha enfermidade autoinmunitaria, o que significa que o sistema inmunitario do neno reacciona contra si mesmo. A inflamación produce a inchazón,

a calor e unha sobreproducción de tecido fibroso (cicatricial).

1.4 É hereditaria?

Non. Ata a data non existe ningunha proba dunha relación xenética para a esclerodermia, aínda que existen novos informes de que a enfermidade se produce en máis dun membro da mesma familia.

1.5 Pode previrse?

Non se coñece ningunha prevención para este trastorno. Isto significa que vostede como proxenitor ou como paciente non podería facer nada para evitar o inicio da enfermidade.

1.6 É infecciosa?

Non. Algunhas infeccións poden desencadear o inicio da enfermidade pero o trastorno, de por si, non é infeccioso e os nenos afectados non necesitan estar illados dos demais.